

Departamento de Economía

PROGRAMACIÓN

MATERIA: Economía
CURSO : 1º Bacharelato
GRUPO : B
CURSO : 2011/2012
PROFESOR: José M. Justo Acevedo

INDICE

| | |
|---|----|
| • Introducción | 3 |
| • Obxectivos Xerais | 4 |
| • Contribución ó Plan Tic | 5 |
| • Contribución ó Proxecto Lector | 5 |
| • Contribución ó Plan de Convivencia | 5 |
| • Contidos | 6 |
| • Metodoloxía Didáctica | 12 |
| • Temporalización | 13 |
| • Contidos Mínimos Esixibles | 13 |
| • Instrumentos de Avaliación | 16 |
| • Procedementos de Avaliación | 16 |
| • Criterios de Avaliación | 17 |
| • Criterios de Cualificación | 17 |
| • Actividades Complementarias e extraescolares..... | 17 |
| • Medidas de atención a Diversidade | 17 |
| • Materiais e Recursos Didácticos | 17 |
| • Avaliación da propia programación docente | 18 |

INTRODUCCIÓN

Toda persoa vese na obriga de enfrontar unha gran diversidade de situacións de carácter económico, xa que debe tomar multitude de decisións como consumidora, traballadora, empresaria ou aforradora, e moitas destas decisións teñen unha gran trascendencia para a súa vida persoal e familiar.

Xunto a esta dimensión persoal, os problemas económicos tamén teñen unha clara dimensión social. A inflación, o paro, o déficit público, a globalización, son temas de debate na sociedade actual e obxecto de diversas propostas por parte dos diferentes grupos sociais e políticos. Para poder valorar de forma razoada estas propostas e tomar postura ante elas, cómpre dispoñer dunha formación económica básica.

Ademáis destas motivacións persoais e sociais, existen razóns de tipo propedéutico que justifican a presenza dos estudos de economía no bacharelato: A formación económica básica do alumnado intégrase na área das ciencias sociais da educación secundaria obligatoria como unha parte das aprendizaxes que se teñen que adquirir en relación co medio social. O bacharelato exige o profundamente nesa formación, o que supón unha aproximación cada vez máis analítica e especializada que, sen perder a perspectiva global, permita a construción de coñecementos máis precisos e axustados. Por outra parte, trátase dunha disciplina que se presta especialmente a un enfoque multidisciplinar, pois precisa doutras ciencias.

Considerando a economía como unha das múltiples facetas para a análise e interpretación da realidade, os contidos desta materia buscan a consecución de dous obxectivos básicos: fornecer unha visión global do funcionamento do sistema económico e iniciar o alumnado nas peculiaridades do razoamento económico.

Para poder alcanzar estes obxectivos é fundamental que o alumnado dispoña dun marco conceptual para interpretar a realidade, así como de ferramentas básicas que lle permitan a utilización dunha certa capacidade de razoamento económico.

Por último, os problemas económicos teñen unha importante dimensión social, e suscitan diferentes puntos de vista, con distintas bases políticas, éticas e filosóficas. A economía desempeña un papel central na configuración de valores e actitudes, e axuda as persoas a construír o seu propio criterio e a ser capaces de enfrontar, con coñecemento e responsabilidade, os problemas económicos e sociais da vida adulta.

OBXECTIVOS XERAIS

Na materia de Economía de 1ª de Bacharelato, os alumnos deberán desenvolver as capacidades enunciadas nos obxetivos xerais que se expresan a continuación:

- a) Coñecer e empregar os conceptos económicos básicos con precisión, a fin de elaborar xuízos e opinións con criterios persoais acerca dos problemas económicos da actualidade, comunicar opinións e ser capaces de contrastar, valorar e integrar puntos de vista diversos sobre cuestións polémicas.
- b) Establecer relacións entre feitos económicos significativos e o contexto social, político e cultural no que se producen, aplicando o análise económico os problemas e situacións cotidianas.
- c) Coñecer e comprender as liñas características da situación e perspectivas da economía española e galega, realizando unha análise das ventaxas e inconvenientes da súa integración no contexto económico internacional.
- d) Alcanzar unha visión global do funcionamento económico a nivel mundial, manifestando interese e curiosidade polos grandes problemas económicos actuais: o subdesenvolvemento, as desigualdades norte-sur, os problemas demográficos, os problemas de sobreexplotación de recursos naturais e a complexa relación entre crecemento e equilibrio ecolóxico.
- e) Identificar e realizar un xuízo persoal dos valores e mecanismos que caracterizan o sistema de economía de mercado mediante o análise comparativo con outros sistemas, ponderando os aspectos positivos e negativos das economías capitalistas e os mecanismos correctores.
- f) Empregar os coñecementos adquiridos para formar un xuízo propio sobre as mensaxes, os debates e as informacións sobre os problemas económicos e sociais de actualidade, interpretando o seu significado e analizando as medidas de política económica propostas.
- g) Valorar ponderadamente as consecuencias persoais e sociais que os mecanismos económicos imponen as persoas e as sociedades.
- h) Manter unha actitude crítica ante as consecuencias da publicidade, as técnicas abusivas de consumo e os seus efectos sobre a calidade de vida.
- i) Abordar de forma autónoma problemas económicos do seu contorno, sendo capaces de trazar unha investigación de carácter económico-social, empregando os procedementos propios das ciencias sociais e manexando diversas fontes de información.
- j) Interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación, sobre desajustes económicos actuais e contrastar as medidas correctoras de política económica que se proponen.

CONTRIBUCIÓN O PLAN TIC

Como dixen antes, as tecnoloxías da información e comunicación , utilizaránse como ferramenta do proceso ensino-aprendizaxe. Os alumnos acudirán cunha periodicidade semanal (na segunda e terceira avaliación fundamentalmente) a aula de informática, e nela, desenvolveránse diversas actividades nas que o manexo das tecnoloxías da información será o eixo central. Utilizaráse Internet como ferramenta explicativa, búsqueda de información sobre distintos aspectos económicos, e mesmo como ferramenta de axuda na procura de información válida para a realización dos traballos correspondentes. Tamén a aula de vídeo será de moita utilidade na proxección de documentales, películas ... nas que o alumno poida observar a importancia da Economía no mundo actual.

CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR

Nesta materia levaránse o longo do curso, unha serie de actividades nas que a lectura xoga un papel fundamental: Non só libros específicos nos que se trate a temática propia da asignatura, senón que propiciaremos a lectura semanal dun xornal na que os alumnos buscarán noticias relacionadas con distintas cuestións económicas. Dita lectura faráse o longo de todo o curso ; ademáis procederemos a lectura de revistas relacionadas co mundo da empresa (Emprendedores), cunha periodicidade mensual.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Nesta materia, desenrolaránse o longo do curso diversos traballos e actividades relacionados coa Economía. O alumnado terá que elaborar traballos, expoñer na clase noticias económicas..., no que terán que traballar en equipo para a realización das distintas actividades. Polo tanto, traballaremos de forma especial o traballo en grupo entre o alumnado, potenciaremos as relacións de traballo entre eles, e faremoslle ver, como a unión, traballo en equipo, solidariedade, compañerismo....., son piares básicos na sociedade actual, e polo tanto, no mundo da empresa e da Economía, e moito máis para levar adiante (e con éxito) un proxecto empresarial.

CONTIDOS

CONTIDOS COMUNS

- Utilización de diferentes fontes de información económica, aplicando as tecnoloxías da información e da comunicación, e interpretación delas mediante unha lectura razoada e crítica como base para a análise da realidade, especialmente da galega.
- Análise e interpretación de casos e situacións económicas, tomando como punto de referencia o contorno máis próximo, identificando os elementos de cada caso, recoñecendo os conceptos e principios económicos que se recollen e aplicando as ferramentas de tipo conceptual ou analítico con que conta a economía para propoñer posibles decisións que se deben adoptar.
- Aplicación do relativismo á análise económica da realidade, sendo conscientes das peculiaridades e limitacións dos métodos de análise en economía, e mantendo unha actitude crítica razoada ante as diferentes opcións de política económica.
- Coñecemento e valoración dos efectos do actual modelo de crecemento económico sobre a conservación do medio e a calidade de vida, facendo especial atención á realidade galega.
- Debate sobre cuestións económicas de actualidade, fundamentando as opinións e respectando as doutras persoas.

Unidade 1.- A razón de ser da Economía

- 1.1.- ¿Qué é a Economía? A Economía como Ciencia Social
- 1.2.- O problema da escasez: as necesidades e os bens.
- 1.3.- O conflito entre recursos escasos e necesidades ilimitadas.
- 1.4.- Actividades Económicas
- 1.5.- Os Axentes Económicos. Os Factores de produción.

Unidade 2.- A Organización Económica

- 2.1.- Os sistemas económicos
- 2.2.- Sistema de economía de mercado
- 2.3.- Sistema de planificación Central
- 2.4.- Sistema de economía mixta

Unidade 3.- Os decisores da economía

- 3.1.- Os axentes económicos: consumidores, empresas e sector público.
- 3.2.- Fluxo circular da renda.
- 3.3.- Especialización e intercambio

Contidos Procedimentais

- Identificación das actividades productivas e dos procesos de traballo.
- Análisis e clasificación das necesidades e o seu grao de satisfacción, segundo o nivel de desenvolvemento, así como dos diferentes sistemas económicos.
- Dedución de taxas de actividade, ocupación e paro, construíndo gráficos sobre a súa evolución e a situación actual por sexos, empregando diversas fontes de documentación.
- Identificación das razóns da división do traballo.
- Identificación das diferenzas nas relacións de propiedade, produción, distribución e consumo nos sistemas capitalistas e de planificación central.
- Análise da evolución recente dos sistemas económicos mediante a utilización de diversas fontes de documentación.

Contidos Actitudinais

- Curiosidade intelectual pola metodoloxía das ciencias sociais e pola aplicación das distintas técnicas propias da rama.
- Toma de conciencia da importancia da linguaxe económica na sociedade.
- Valoración da acción humana sobre o medio, recoñecendo os recursos naturais como un elemento de produción.
- Valoración dos aspectos positivos e negativos dos diferentes sistemas económicos.
- Sensibilidade ante a situación das desigualdades económicas no contexto mundial.
- Actitudes sociais e éticas positivas respecto dos problemas tratados na materia de Economía.

Unidade 4.- Producción e distribución

- 4.1.- A empresa e a produción. Custos de produción
- 4.2.- A distribución.
- 4.3.- Clases de empresas. Componentes da empresa.

Unidade 5.- O funcionamento do mercado

- 5.1.- O mercado e o diñeiro.
- 5.2.- A demanda e a oferta.
- 5.3.- Equilibrio de mercado
- 5.4.- Cambios nas condicións do mercado.
- 5.5.- A elasticidade da demanda

Unidade 6.- Tipos de mercado

- 6.1.- O mercado e a competencia.
- 6.2.- Competencia perfecta, monopolio e oligopolio
- 6.3.- Competencia monopolística

Unidade 7.- O mercado dos factores de produción.

- 7.1.- As rendas.
- 7.2.- Políticas de emprego.

Unidade 8.- Os fallos do mercado. O Estado do Benestar

- 8.1.- Os fallos do mercado
- 8.2.- O Estado do Benestar.

Contidos Procedimentais

- Identificar os distintos instrumentos da coordinación da produción.
- Apreciación da diferenza entre modelos teóricos do mercado e a realidade, valorando os supostos de competencia perfecta.
- Lectura e interpretación dos datos sectoriais da Economía Galega, e comparación con datos doutras economías, identificando as diferenzas estruturais e o seu significado económico.
- Análise da importancia relativa dos sectores económicos e a súa relación co proceso de crecemento económico.
- Análise de cuadros estadísticos e gráficas nos que se mostren a poboación activa sectorial, así como o paro nun contexto local, galego e español, comparandoo coas tendencias mundiais.

Contidos Actitudinais

- Valoración da importancia da distribución sectorial do traballo como manifestación da estrutura económica da sociedade.
- Interese polo desenrolo dunha opinión razoada sobre o mercado como método asignador de recursos.

Unidade 9.- Os indicadores económicos.

- 9.1.- A perspectiva macroeconómica
- 9.2.- A produción: O PIB, el PNB, RN, RND
- 9.3.- A inflación

Unidade 10.- As forzas internas do mercado

- 10.1.- A economía no seu conxunto.
- 10.2.- O consumo, a inversión empresarial e o aforro

Contidos procedimentais

- Calcular as distintas magnitudes económicas, partindo dos datos obtidos na realidade galega e española.
- Identificación e análise dos indicadores económicos básicos en diversos países do mundo, comparandoos coa situación de Galicia.
- Análise dos datos macroeconómicos a través de gráficas e identificación dos conceptos e magnitudes, diferenciando unhas de outros.
- Comentarios de textos periodísticos que fagan análise de situacións, en especial sobre a riqueza e pobreza de países.
- Interpretación da evolución do PIB, identificando as relacións entre as diferentes magnitudes, o crecemento económico e as situacións de crise.
- Análise da distribución da renda espacial, persoal..., utilizando os datos pertinentes.
- Análise comparativa e crítica das informacións dos medios de comunicación social, sobre os feitos económicos, diferenciando datos, opinións e prediccións.

Contidos Actitudinais

- Valoración da importancia da distribución da renda dun país, como índice de benestar e de equidade, e desenvolver unha actitude crítica ante a súa distribución desequilibrada.
- Interese pola participación e o debate.
- Interese por valorar o papel de Galicia no contexto español e comunitario.
- Actitude positiva ante o coñecemento do Producto Nacional dun país como expresión da súa capacidade productiva e xeradora de riqueza.
- Interese polo medio ambiente como elemento de calidade de vida que debe ser considerado nas contas nacionais.

Unidade 11 .- As políticas económicas. A política fiscal- monetaria

- 11.1.- As políticas económicas
- 11.2.- A política fiscal
- 11.3.- Os presupostos Xerais do Estado
- 11.4.- Política Monetaria

Contidos Procedimentais

- Clasificación dos distintos tipos de gastos e ingresos públicos.
- Manexo de información sobre impostos directos e indirectos
- Comparación entre intervencionismo e non intervencionismo mediante a análise de casos concretos.
- Identificación de medidas de redistribución da renda.
- Recoñecer, en exemplos concretos, as funcións e os fins do Estado.

- Identificar os instrumentos de política económica.
- Buscar, en diferentes fontes de información, actuacións do Estado na vida económica, que poidan ser controvertidas, para o seu análise e discusión.
- Interpretación da evolución do gasto público e a súa relación coa evolución económica xeral.
- Planificación e realización dun debate no que se aporten opinións razoadas e fundamentadas sobre a actuación do Estado ante problemas de actualidade como: o paro, importos, gasto público, etc...

Contidos Actitudinais

- Valoración da intervención do Estado como unha acción de redistribución da renda entre todos os cidadáns.
- Valoración dos impostos progresivos e outros instrumentos redistributivos como elementos de equidade e solidariedade.
- Actitude positiva das funcións do Estado no mundo económico.

Unidade 12 .- O diñeiro e os bancos.

- 12.1.- Concepto do diñeiro.
- 12.2.- Os bancos e a creación de diñeiro bancario.

Unidade 13.- O mercado financeiro español. A Bolsa

- 13.1.- O sistema financeiro
- 13.2.- Os intermediarios financeiros bancarios e non bancarios.
- 13.3.- A bolsa de Valores
- 13.4.- Financiación das empresas.

Contidos Procedimentais

- Identificación dos cambios no valor do diñeiro, así como os indicadores empregados para medilos.
- Utilización dos datos de distintas fontes e construción de gráficos para o análise das variacións do IPC.
- Análise do funcionamento do sistema financeiro, diferenciando as entidades públicas e privadas. .
- Análise da prensa económica nos aspectos referentes a política monetaria e o mercado da Bolsa..
- Recoñecemento do proceso de creación do diñeiro.
- Identificación das repercusións económicas e sociais da inflación.
- Identificación de medidas de política monetaria.
- Preparación e presentación de breves exposicións sobre problemas económicos de actualidade, incorporando opinións e suizos propios, de forma clara, con argumentos razoados e con referencias a exemplos..

Contidos Actitudinais

- Interése por coñecer os efectos da inflación sobre os distintos suxeitos económicos.
- Toma de conciencia da importancia do sistema financeiro na vida económica dun país.
- Valoración da importancia, tanto para os técnicos como para os cidadáns, de coñecer o cálculo do IPC.

Unidade Didáctica 14.- Comercio Internacional

- 14.1.- O Comercio internacional
- 14.2.- Proteccionismo e libre comercio
- 14.3.- A Balanza de Pagos
- 14.4.- O mercado de divisas
- 14.5.- Sistemas monetarios internacionais.

Contidos Conceptuais

- 6.1.- As razóns do comercio entre países.
- 6.2.- Liberalismo e proteccionismo. Controis e limitacións o comercio.
- 6.3.- As unións comerciais i económicas.
- 6.4.- A Balanza de Pagos. Estructura e desequilibrios básicos.
- 6.5.- O mercado de cambios e problemas monetarios.
- 6.6.- Repercusións da política económica interior no exterior.
- 6.7.- O fenómeno da integración económica. Unha tendencia actual: A Unión Europea.
- 6.8.- Organismos económicos internacionais

Contidos Procedimentais

- Interpretación e análise dos datos esenciais da Balanza de Pagos, identificando as partidas máis importantes.
- Análise dos desequilibrios da Balanza de Pagos nos países desenvolvidos en comparación con os países en vías de desenvolvemento.
- Confección dunha Balanza de Pagos tendo en conta determinados datos.
- Identificación de trabas o libre comercio.
- Análise das consecuencias das medidas de depreciación ou apreciación da moneda dun país no comercio internacional.
- Identificación dos principais organismos e tratados internacionais, e recoñecemento do seu papel de regulación no novo orden económico internacional.
- Presentación de pequenos estudos monográficos sobre cuestións de actividade económica, empregando informacións obtidas de distintas fontes.
- Identificación e análise dos desequilibrios básicos da Balanza de Pagos española e da Balanza Comercial de Galicia.

Contidos Actitudinais

- Toma de conciencia sobre o feito de que o intercambio desigual é unha forma de empobrecer os países en vía de desenvolvemento e de xerar dependencia.
- Valoración das consecuencias das medidas como a depreciación na economía dun país.
- Toma de conciencia sobre as consecuencias da inserción de España na Unión Europea e as súas repercusións para Galicia.

Unidade 15 .- Relacións económicas internacionais

- 15.1.- A cooperación internacional.
- 15.2.- O subdesenvolvemento e a globalización.
- 15.3.- A integración económica.

Unidade 16.- A Unión Europea

- 16.1.- Oríxenes e antecedentes da Unión Europea. Organización.
- 16.2.- As políticas comúns.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A Economía tratase dunha materia novedosa para o alumnado, na que utilízase unha terminoloxía na que hai que ter en conta de forma especial, ben polo seu descoñecemento o ben polas ideas previas que os alumnos poideran ter, posto que poden existir coñecementos previos, pero en moitos casos carentes de contido.

Empregarase unha metodoloxía expositiva no desenvolvemento dos temas que compoñen as unidades didácticas. Esta exposición irá acompañada constantemente de preguntas, debates, etc..., para que os alumnos fagan constantemente un contraste entre o que están aprendendo, as súas ideas previas sobre os temas que se tratan e a realidade que lles rodea. Por tanto, combinarase coa realización de exercicios prácticos sobre a materia que se está estudando.

Os alumnos realizarán traballos en grupo e individuais, elaborando pequenos informes, valoracións e suizos propios e razoados, sobre problemas económicos, co obxecto de comprobar as ideas captadas e a súa capacidade de aplicación. Tamén levaranse a cabo debates sobre temas controvertidos que leven a unha contrastación pública de argumentos.

Levaráanse a cabo comentarios de texto sobre noticias que aparezan na prensa e revistas especializadas, favorecendo en todo momento a participación activa e constructiva dos alumnos no desenvolvemento das sesións.

TEMPORALIZACIÓN

O longo do curso, efectuaráanse tres avaliacións. O reparto dos temas, será da seguinte forma:

Na 1ª avaliación, estudaránse as cinco primeiras unidades.

Na 2ª avaliación estudaránse as seis seguintes unidades, que serán obxecto de dous exames.

Na 3ª avaliación, estudaránse as cinco últimas unidades.

CONTIDOS MINIMOS EXIXIBLES

Unidade 1.- A razón de ser da Economía

- 1.1.- ¿ Qué é a Economía? A Economía como Ciencia Social
- 1.2.- O problema da escasez: as necesidades e os bens.
- 1.3.- O conflito entre recursos escasos e necesidades ilimitadas.
- 1.4.- Actividades Económicas
- 1.5.- Os Axentes Económicos. Os Factores de produción.

Unidade 2.- *A Organización Económica*

- 2.1.- Os sistemas económicos
- 2.2.- Sistema de economía de mercado
- 2.3.- Sistema de planificación Central
- 2.4.- Sistema de economía mixta

Unidade 3.- Os decisores da economía

- 3.1.- Os axentes económicos: consumidores, empresas e sector público.
- 3.2.- Fluxo circular da renda.

Unidade 4.- Producción e distribución

- 4.1.- A empresa e a produción. Custos de produción
- 4.2.- A distribución.
- 4.3.- Clases de empresas. Compoñentes da empresa.

Unidade 5.- O funcionamento do mercado

- 5.1.- A demanda e a oferta.
- 5.2.- Equilibrio de mercado
- 5.3.- Cambios nas condicións do mercado.
- 5.4.- A elasticidade da demanda

Unidade 6.- Tipos de mercado

- 6.1.- O mercado e a competencia.
- 6.2.- Competencia perfecta, monopolio e oligopolio
- 6.3.- Competencia monopolística

Unidade 7.- O mercado dos factores de produción.

- 7.1.- As rendas.
- 7.2.- Políticas de emprego.

Unidade 8.- Os fallos do mercado. O Estado do Benestar

- 8.1.- Os fallos do mercado
- 8.2.- O Estado do Benestar.

Unidade 9.- Os indicadores económicos.

- 9.1.- A perspectiva macroeconómica
- 9.2.- A produción: O PIB, el PNB, RN, RND
- 9.3.- A inflación

Unidade 10.- As forzas internas do mercado

- 10.1.- A economía no seu conxunto.
- 10.2.- O consumo, a inversión empresarial e o aforro

Unidade 11 .- As políticas económicas. A política fiscal- monetaria

- 11.1.- As políticas económicas
- 11.2.- A política fiscal
- 11.3.- Os presupostos Xerais do Estado
- 11.4.- Política Monetaria

Unidade 12 .- O diñeiro e os bancos.

- 12.1.- Concepto do diñeiro.
- 12.2.- Os bancos e a creación de diñeiro bancario.

Unidade 13.- O mercado financeiro español. A Bolsa

- 13.1.- O sistema financeiro.
- 13.2.- A bolsa de Valores
- 13.3.- Financiación das empresas.

Unidade Didáctica 14.- Comercio Internacional

- 14.1.- O Comercio internacional
- 14.2.- Proteccionismo e libre comercio
- 14.3.- O mercado de divisas
- 14.4.- Sistemas monetarios internacionais.

Unidade 15 .- Relacións económicas internacionais

- 15.1.- A cooperación internacional.

Unidade 16.- A Unión Europea

- 16.1.- Oríxenes e antecedentes da Unión Europea. Organización.
- 16.2.- As políticas comúns.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Básicamente, a hora de avaliar o alumnado, utilizaráanse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Traballos, comentarios sobre artigos de periódicos, comentarios de vídeos que proxectaremos o longo do curso...
- Participación na aula: a participación activa do alumno no aula, valorarase positivamente, e a pasividade ou falta de actitude, negativamente
- Exercicios teóricos (exames)
- Relacións cos compañeiros, potenciando como positivo o traballo en equipo, a solidariedade entre eles, e negativamente o contrario

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación xirarán en torno a observación diaria do alumno, o seu traballo, a súa participación, actitude, cumprimento dos traballos e dos prazos previstos, respecto hacia todos os membros da comunidade educativa..... Ademais , nesta materia, en cada trimestre faremos:

- 1) Exposición teórica dos contidos desenrolados na presente programación, que serán obxecto dos exames correspondentes.
- 2) Elaboración de un traballo, sobre “ O Paro en Galicia” por exemplo, O traballo será en equipo, e avaliarase (ademais do traballo en sí), a capacidade do alumno para traballar conxuntamente do resto dos compañeiros do equipo
- 3) Exposición dos distintos traballos na aula, e analizando con sentido crítico os mesmos
- 4) Cando asistamos a charlas ou conferencias, o alumnado deberá entregar o profesor, un resumen da mesma, para comprobar o grao de atención e seguimento que o alumno fixo da mesma.
- 5) Utilizaremos as novas tecnoloxías para estudar e analizar os distintas variables económicas: IPC, PIB, tasa de Paro.....O alumnado deberá analizar os datos, analizalos con sentido crítico, e entregar, cando o profesor o requira, un resumen por escrito das distintas evolucións macroeconómicas analizadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será formativa, aplicándose durante o proceso de aprendizaxe e levándose a cabo o través da observación sistemática dos alumnos.

Haberá unha avaliación final, na que se comprobe o grao de consecución dos obxetivos fixados. Por todo elo, valorarase:

- a) A participación do alumno no desenrolo das sesións e as súas intervencións.
- b) O respecto polos compañeiros e polas opinións dos demais, aínda cando non coincidan coas súas.
- c) A calidade dos traballos dos alumnos.
- d) Que los alumnos se expresen coas súas propias palabras, a fin de evitar situacións de aprendizaxe exclusivamente memorístico.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O finalizar cada trimestre lectivo, efectuarase unha ou dúas probas escritas sobre os contidos desenvolvidos en cada unha das unidades didácticas. A cualificación obtida será a conseguida nestas probas (parte principal da nota, 90% da mesma), completadas co exposto nos tres apartados anteriores.

Para a superación da materia, será necesario acadar un cinco.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- O longo do curso intentarase desenrolar algunha actividade extraescolar, consistente en acercar os alumnos o mundo real da Economía; polo tanto, tentaremos levar os alumnos a algunha empresa da localidade (Celulosas, Froiz, El Corte Ingles, Carrefour..) .
- Conferencia sobre algún tema relevante no momento actual, impartida por un experto, no eido do sector bancario, Bolsa de Valores etc....

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Os intereses dos alumnos, súa motivación, e incluso súas aptitudes, diferencianse progresivamente o longo desta etapa. Cada alumno posee unha serie de peculiaridades que o diferencia do resto dos compañeiros, e por tanto, non todos eles van a aprender o mesmo ritmo ou van a ter as mesmas capacidades e intereses. A educación debe permitir e facilitar desenrols educativos distintos, que se correspondan con esos intereses e aptitudes. O obxectivo último é conseguir que o alumno alcance o obxectivos xerais da etapa e lle permita obter o título de Bacharelato.

Entre as medidas propostas, contéplanse as adaptacións do currículo, os agrupamentos flexibles (si é posible), os dedoblamientos de grupos, establecemento de programas de reforzo e outros programas de tratamento personalizado para o alumno con necesidade específica de apoio educativo. Todas as medidas que se poideran adoptar, farase en colaboración do Departamento de Orientación do Centro.

MATERIALES E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para o desenvolvemento das sesións, empregarase o seguinte material:

- Periódicos, revistas e calquera publicación que teña que ver cos temas desenvolvidos.
- Utilización de Internet, como fonte de acceso a información económica : www.ine.es- www.bbv.es- www.lacaixa.es, etc...
- Vídeos
- Visitas organizadas a feiras, empresas...
- Distintas fontes estadísticas : Anuarios, datos do INE, do IGE, etc...
- Para o curso 2006/07, o libro de texto fixado, é " Economía 1º Bachillerato", da editorial Mc Graw Hill. Autor Anxo Penalonga. Ademais consultaránse manuais como::
 - Estructura económica internacional: R. Tamames
 - Economía: P. Samuelson y W. Nordhaus
 - Introducción a la Balanza de pagos: Requejo, J.
 - Organización de la Unión Europea: Antonia Calvo
 - Economía Bacharelato: Lourdes Arias y Rafael Prieto
 - Economía Bacharelato: Xosé L. Veiga y J. Fernández

AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E DA PRACTICA DOCENTE

Ó longo do curso farase un seguimento da programación feita ó inicio do curso.

Trimestralmente farase unha análise dos temas impartidos na aula con respecto ó programado ó inicio do curso, establecendo as correccións necesaria, de ser o caso.

A avaliación da práctica docente plantéxase en dous eidos:

- Analizando de forma persoal e con sentido crítico a marcha do curso, os resultados académicos ..., comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados

- Someténdose á opinión do alumnado, a través de enquisas que de forma puntual pode facerse o fin de cada trimestre ou ben a fin de curso, para valorar a opinión do alumnado. Os alumnos dun Ciclo Superior xa alcanzaron un grado de madurez (supónse) que lles permite emitir xuízos , e polo tanto, coas cautelas oportunas, pódese ter en conta a valoración que fan da práctica docente

Pontevedra, 20 de Setembro do 2010

Profesor: José M. Justo Acevedo